

ACTA QUE CONTÉN A LISTAXE COAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DA FASE DE OPOSICIÓN E APERTURA DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 09:00 horas do día 24 de marzo de 2026, reúnen os membros do tribunal cualificador do proceso de selección para a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de auxiliar administrativo, e para a formación dunha listaxe de reserva na mesma categoría, a contratar por circunstancias da produción dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0067, de data 10 de febreiro de 2026, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 33, do 18 de febreiro de 2026.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora social do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

Unha vez finalizado o prazo de exposición pública da acta que contén a listaxe cos resultados provisionais da fase de oposición para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre e dado que non se efectuaron alegacións, o listado coas puntuacións provisionais elévase a definitivo:

	APELIDOS E NOME	DNI	NOTA	APTO/NON APTO
1	SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	51,00	APTO
2	ESTÉVEZ GARCÍA SUSANA	***1398**	22,00	NON APTO
3	GONZÁLEZ VILAR ANTÍA	***9142**	43,50	APTO
4	SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	35,50	APTO
5	MUÑOZ LEIRO ARTURO	***2625**	55,00	APTO
6	NAVARRO BELOSO VANESSA	***1263**	9,00	NON APTO
7	BARREIRO VÁZQUEZ MIRIAM	***4393**	10,50	NON APTO
8	POSE REY SOFÍA	***4321**	29,00	NON APTO



9	DÍAZ GONZÁLEZ ELISEO	***2411**	42,50	APTO
---	----------------------	-----------	-------	------

Finalizada a fase de oposición, as persoas que a superaron, deben presentar no rexistro do Concello de Meis **a documentación relativa á fase de méritos no prazo de dous (2) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente acta que contén os resultados definitivos da fase de oposición no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello [<https://meis.sedelectronica.gal>].

Tendo en conta que a publicación desta acta ten lugar o martes día 24 de marzo, **o prazo para presentar a documentación indicada remata ás 23:59 horas do xoves día 26 de marzo.**

Nesta fase do procedemento comprobarase e cualificaranse os méritos alegados e xustificados documentalmente polas persoas aspirantes. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes de acordo cos criterios establecidos nestas bases. Unicamente serán obxecto de valoración os méritos das persoas que superen a fase de oposición.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados.

A esta fase correspóndelle unha puntuación máxima de 40 puntos, equivalentes ao 40% da puntuación máxima total do proceso.

A reunión do tribunal para a baremación dos méritos da fase de concurso **queda convocada para o martes, día 7 de abril de 2026, ás 10:00 horas.**

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.

Sendo as 09:05 horas, non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta da por rematada a sesión. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinándoa dixitalmente todos os presentes en proba de conformidade.

O TRIBUNAL

